


# "DEPOEMPRENDE NA ESCOLA" 2023-2024

## "DepoEmprende na escola"



É un proxecto educativo dirixido aos centros de Educación Especial e de Educación Primaria sostidos con fondos públicos na provincia de Pontevedra



A finalidade é promover a cultura emprendedora no alumnado de Educación Especial e no de 5.º e 6.º de Educación Primaria




Ofrécelle ao profesorado unha ferramenta de apoio para o traballo das competencias clave a través da aprendizaxe por proxectos




O alumnado adquire competencias profesionais relacionadas coa autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo e a toma de decisións, á vez que se promove o coñecemento do mercado laboral


## Metodoloxía



O alumnado crea unha cooperativa escolar, planifica o seu funcionamento e xestiona a súa posta en marcha



Durante o curso escolar participa en actividades fóra e dentro dos centros, e elabora produtos a través do traballo cooperativo




A finais de curso o alumnado vende os produtos no mercado da súa localidade ou no mercado conxunto que organiza a Deputación de Pontevedra para todos os centros participantes



Finalmente, aprende a xestionar os beneficios obtidos e destina parte deles a accións sociais do seu interese

## Recursos




Formación ao profesorado, con certificación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o profesorado vinculado ao corpo de docentes do ámbito de xestión desta



Material didáctico para traballar o emprendemento e xestionar as cooperativas na aula



Portal educativo para compartir contidos con outros centros participantes



Actividades e xornadas dentro e fóra dos centros educativos




Servizo de asesoramento e titorización



Ferramentas de avaliación

## Temporalización



O prazo de inscrición comezará o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e finalizará o 29 de setembro de 2023



O proxecto desenvolverase durante o curso escolar



"DepoEmprende na escola" finalizará coa realización do mercado conxunto, que terá lugar nos últimos meses do curso escolar

